



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Expediente nº: 1053/2020

Asunto: Bolsa de Emprego Temporal de Auxiliares de Axuda no Fogar

Procedimiento: Selección de Persoal e Provisións de Postos

Visto que ante a situación de emerxencia de saúde pública como consecuencia do coronavirus COVID-19 considérase que o Servizo de Axuda a Domicilio é un servizo máis necesario que nunca para as persoas maiores e vulnerables que nesta situación presentan e poden presentar máis necesidades, permitindo que sigan vivindo no seu domicilio e contorna familiar con calidade de vida e en condicións de seguridade.

En consecuencia, o posto de Auxiliar de Axuda no Fogar trátase dun posto básico no Concello cuxas funcións e labores son necesarios e imprescindibles para o funcionamento dos servizos sociais municipais, de forma que se non quedasen atendidas podería supor un prexuízo para o Concello.

De conformidade coas BASES QUE REXEN A CONVOCATORIA PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO TEMPORAL DE AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR MEDIANTE CONCURSO DE MÉRITOS 2020-2022, aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 2020-0596 de data 27 de outubro, esta Alcaldía, **RESOLVE**

PRIMEIRO.- Designar como membros da Comisión de Valoración da bolsa de emprego temporal de auxiliares de axuda no fogar mediante concurso de méritos 2020-2022, a través do sistema de concurso de méritos, ós que se relacionan a continuación:

- **Presidenta:** Dna. María del Carmen Dominguez Perez, en calidade de funcionaria do Concello de Lobios.
- **Vogal:** Dona Maria de Jesus de León Rodriguez, en calidade de funcionaria do concello de Bande.
- **Vogal:** D. Pablo Antonio Álvarez Martínez, en calidade de funcionario do Concello de Lobios.
- **Vogal:** Dona Rosa Maria Garcia González, en calidade de funcionario do Concello de Lobios.
- **Secretario:** D. Abel Camoira Louzao, en calidade de secretario do Concello de Lobios.

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución aos membros designados para o seu coñecemento.

TERCEIRO.- Darlle publicidade a esta resolución no taboleiro de anuncios do concello de Lobios, na páxina web e na sede electrónica do concello de Lobios.

Mándaa e asínaa, a Sra. Alcaldesa-Presidenta, dona María del Carmen Yañez Salgado, en Lobios, a data de sinatura electrónica. Dou fe, o Secretario, don Abel Camoira Louzao.

ASINADO ELECTRÓNICAMENTE (Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Rexime Xurídico do Sector Público)

